



V teateatre
Formación 09

INTRODUCCIÓN

Tras oito anos de cursos monográficos sobre diferentes disciplinas das artes escénicas, o Concello de Lugo e o Colexio Fingoi crearon un foro de formación permanente, o cal complementaríaa Mostra Teatro Cidade de Lugo: A I edición do Teateatre (verán 2005). Na segunda edición a Vicerreitoría de Cultura entra a apoiar esta proposta. Dende o ano 2008 é a compañía Palimoco Teatro é a encargada de coordinar o Teateatre. [Este ano intentamos contar coa apoio da Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo.](#)(No dossier de prensa irá a seguinte frase, en vez do [que apaarece en azul](#); Frase: [A Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo a través do seu proxecto teatral Buxiganga entrá por primeira vez a formar parte do Teateatre o que supón un compromiso das institucións en abrir canles de colaboración no eido teatral](#)) [Revisa este parrafo haber que te parece Coty.](#)

De tal forma que:

Organiza: Concello de Lugo e Proxecto Buxiganga da Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo.

Colaboran: Vicerreitoría de Cultura e Escola Arte e Lecer Fingoi.

Coordina: Palimoco Teatro

Estes catro anos cumpriu ser un:

- Foro de encontro.
- Foro de formación.
- Foro de creación.

Contou cos seguintes relatores:

Elena Seijo e Fina Calleja, actrices de Sarabela Teatro.

Vicente Fuentes, catedrático da RESAD, colaborador do Teatro da Abadía e do Teatro Nacional Clásico e impulsor da Compañía Nacional Clásica de teatro Joven.

Avelino González, zanquista de gran pestixio, tanto na comunidade autónoma galega como a nivel nacional e europeo.

Isabel Úbeda, profesora do Conservatorio de Arte Dramática en Copenhague, actriz durante 10 anos do Odín Teatret.

Ánxeles Cuña Bóveda, directora de Sarabela Teatro.

Suso Díaz, director de La Imagina Machina e escenógrafo e actor de Sarabela Teatro.

Estas catro edicións contaron coa participación de 250 alumnos da nosa comunidade e de fóra dela, contando con *amaters* do teatro e tamén actores do mundo profesional.

Este ano contamos con relatores cunha ampla experiencia tanto profesional como pedagóxica.

Ana Válles. Directora de Matarile Teatro

Carlos Aladro. Director de Médida por Médida a última produción de Shakespeare da Compañía Teatro de La Abadía

Vicente Fuentes. Asesor de verso de La Compañía Nacional de Teatro Clásico y de Compañía Joven Nacional de Teatro Clásico

A programación está dispoñible nas páxinas do Concello de Lugo, Deputación Provincial , Escola Arte e Lecer Fingoi e www.palimoco.es.

Atentamente.

Palimoco Teatro

Coordinador do Teateatre

PROGRAMACIÓN

Este ano intentando que serva de experiencia piloto para un posible Teateatre na que favorezamos o encontro tamén de compañías como é o caso de outras Mostras trasladamos todos os cursos a xullo.

Contamos coa presenza de tres profesionais de gran prestixio a nivel nacional e internacional. Carlos Aladro, Ana Vallés e Vicente Fuentes.

- **Curso *O corpo da voz***

Relator: Vicente Fuentes.

Datas: do 26 ao 30 de xullo

Horario: 9:00-14:00

15:00-19:00

Pola mañá farase traballo de voz e entrenamento e pola tarde palabra e máis concretamente verso.

Lugar: Aula de Teatro da USC no Campus de Lugo. Aulario de Veterinaria.

Prazas: 16

Prezo:

Taxa xeral 160 euros

Taxa reducida: 120 euros

Horas: 45 horas

- **Curso *O vicio de mirar***

Relatora: Ana Vallés

Datas: Do 13 ao 17 de xullo

Horario: 16:00-21:00

Lugar: Salón de actos e sala polivalente do Centro Social Municipal Fingoi

Prazas: 12 prazas

Prezo:

Taxa xeral 120 euros

Taxa reducida: 100 euros

Horas: 25

- **Curso *Entrando na acción: o traballo sobre a acción na técnica de Michael Chejov***

Relator: Carlos Aladro

Datas: Do 13 ao 17 de xullo

Horario: 9:00-14:00

Lugar: Aula de Teatro da USC no Campus de Lugo. Aulario de Veterinaria.

Prazas: 16 prazas

Prezo:

Taxa xeral 120 euros

Taxa reducida: 100 euros

Horas: 25

A inscrición realizarase da seguinte maneira:

Reserva de praza chamando ao teléfono de Palimoco Teatro 678 797 434 de 14:00 a 15:30 h e de 20:00 a 23:00 h.

Unha vez confirmada a reserva teranse tres días de prazo para facer o pago bancario e remitir xustificante e folla de inscrición ao Colexio Fingoi (atención do TEATEATRE) Rúa Aviación Española 37. CP: 27002 Lugo.

Nº Conta de Caixa Galicia: 2091.0163.41.3040079324

Aquelas persoas que se atopen no caso de taxa reducida terán que remitir o programa de man e certificado de ter participado en Buxiganga ou Mostra Teatro Cidade de Lugo.

A TAXA REDUCIDA TERÁN DEREITO: Os actores e actrices e directores das compañías que formaron parte da Mostra Teatro Cidade de Lugo na súa séptima edición, e aqueles das compañías do proxecto Buxiganga na súa 1ª fase.

O prazo empeza dende o día 25 de xuño até o 8 de xullo ou até cubrir prazas por rigorosa orde de inscrición.

FOLLA DE INSCRICIÓN:

Nome:

Apelidos:

Idade:

DNI:

Domicilio:

E-mail:

Teléfono fixo:

Teléfono móbil:

Curso no que se matricula:

Anexar currículum:

CURRÍCULUMS RELATORES

Vicente Fuentes

Director de escena e profesor de Voz e Linguaxe. En 1975 é bolseiro pola Fundación Juan March para ampliar estudos teatrais en Inglaterra. En Londres investiga co profesor Roe Hart no Roe Hart Theatre e redacta o seu traballo "La Voz Humana u Objetiva". Completa a súa formación teatral en Stratford con Cecile Berre, directora vocal da Royal Shakespeare Company. Membro fundador do Roe Hart International Center (Francia) Co profesor Cornut da Universidade de León, traballa sobre os comportamentos de certos sons multifónicos.

En 1990 regresa ao teatro español e dende esa data forma parte da RESAD como profesor do Departamento de Voz e Linguaxe. Parte da súa actividade teatral está estreitamente ligada ao Teatro de la Abadía, dirixido por J. L. Gómez, onde imparte obradoiros de formación e colabora nas súas producións teatrais. Asesor de verso na Compañía Nacional de Teatro Clásico. Impulsor da Compañía Nacional de Teatro Joven e Asesor de verso na última montaxe do CDN *EL rey Lear*.

Ana Vallés

(Ferrol, 1959) Autora, directora de teatro e actriz. Co-fundadora de Matarile Teatro, Teatro Galán e Festival Internacional de Danza En Pé de Pedra de Santiago de Compostela

Premios recibidos

Homenaxe do Festival Internacional de Teatro y Artes de Calle (TAC) de Valladolid 2008

VI Premio Maruxa Villanueva de Interpretación Teatral 2006

Premio do Público ao Mellor Espectáculo da Feira do Teatro Galego 2005 polo espectáculo Historia natural (eloxio do entusiasmo)

Premio ao Espectáculo Máis Orixinal e Innovador do Festival Internacional de Teatro y Artes de Calle TAC de Valladolid 2005 polo espectáculo Historia natural (eloxio do entusiasmo)

2º Premio de dirección del VI Certamen Nacional de Teatro para Directoras de Escena polo espectáculo a brazo partido

2º Premio de dirección del IV Certamen Nacional de Teatro para Directoras de Escena polo espectáculo The Queen is Dead

Premio María Casares de Teatro á Mellor Dirección do Teatro Galego 1999 polo espectáculo The Queen is Dead

Premio Compostela de Teatro á Mellor Dirección do Teatro Galego 1991 por Café Acústico

Como autora, directora de teatro e actriz para Matarile Teatro:

O CUMPREANOS DA INFANTA de Óscar Wilde (1986), HAMLETMASCHINE de Heiner Müller (1989), ANDANTE (1991), CAFÉ ACÚSTICO (1992), DERIVA (1993), 31 (1994), MVSEO (1995), ZEPPELIN N°7 (1996), Negro é Negro (1996), 12 ROUNDS (1997), STRANGERS IN THE NIGHT produción especial para o Festival Internacional En Pé de Pedra '98 (1998), TEATRO PARA CAMALEÓNS (1998), THE QUEEN IS DEAD (1999), PRIMEIRO MOVEMENTO: PARA FIGURAS BRANCAS de Matarile, encargo do Auditorio de Galicia para a inauguración do Festival Millenium 2000 (2000), A BRAZO PARTIDO (2001), QUEN TE QUERE, QUEN TE CHAMA de Matarile Teatro, produción especial para o Festival Internacional En Pé de Pedra 2001 (2001), SIN SOMBRA DE DUDA (2002), ACTO SEGUIDO (2003), HISTORIA NATURAL (ELOXIO DO ENTUSIASMO) (2005), TRUENOS & MISTERIOS (2007), ANIMALES ARTIFICIALES de Matarile Teatro, coproducido polo Festival Internacional de Teatro de Málaga (2008).

Crea, dirixe e actúa ou colabora en espectáculos como:

Tres homes SÓS '93 con: Enrique Macías, Cesc Gelabert, Etelvino Vázquez (1993), Café de Noite, coprodución Provisional Danza- Matarile Teatro (1993), La casa en primer plano, coprodución Provisional Danza-Matarile Teatro (1994), Tres Homes SÓS '94 con: Xohán Brión, Cesc Gelabert, Etelvino Vázquez (1994), ELECTRA da Compañía UVEGA-Escola Dramática Galega (1994), FINE ROMANCE da Compañía Provisional Danza (2000 Andrés Corchero RARA AVIS (2001),Leilía SON DE LEILÍA (2003), PIE IZQUIERDO, coprodución Provisional Danza-Matarile Teatro (2005), MATAR EL 9 da Compañía Provisional Danza (2005), Sapristi SO-SOBRE (2005), DOWNFALL II da Compañía Pendiente (2005), ILLA REUNIÓN para o Centro Dramático Galego (2006), ME ACORDARÉ DE TODOS VOSOTROS da compañía do Teatro de La Abadía (2007).

Pezas curtas

93 - 05: Dirixe e participa nos Curtos de Teatro, organizados polo teatro galán: Entre mulleres soas, con Matarile, Mañana en la batalla, solo, Previos Zeppelin N°7, con Matarile, Con un café con leche y una ensaimada, con Matarile, Descripción de un cuadro, de Heiner Müller, solo, Sin título, con Víctor Mosqueira, Tengo muchísima prisa, con Roberto Leal, Sin sombra de duda, solo, Perhaps, con Marta Pazos e Borja Fernández.

Performances

La piel que todo lo cubre, programa Teatro de Operacións. Teatro Galán (1996), Performance sobre textos de Antón R. López para a presentación do poemario OM no Centro Galego de Arte Contemporánea (1996), Di pintu di blu, programa Teatro de Operacións del teatro galán (1997), Ay Ana!, programa especial Fóra de Serie del teatro galán (1998), Ay Ana!, Centro Galego de Arte Contemporánea, Día Mundial dos Museos (1999).

Outras actividades

Desde 1993, Ana Vallés imparte innumerables talleres, ponencias, participa en encuentros e tertulias e escribe artigos para diferentes publicacións.

Carlos Aladro

De familia que provén do mundo das letras –o seu pai, Carlos Luís Aladro foi Premio Nacional de Teatro Infantil, e a súa nai Julia Arroyo, periodista- e licenciado en Interpretación e Dirección de Escena pola READ –que lle concedeu unha bolsa para estudar no Reino Unido, ademais de realizar numerosos cursos e seminarios-, Carlos Aladro é actor e director de teatro. Complementou a súa formación con talleres impartidos no marco da Unión dos Teatros de Europa (UTE) e da Michael Chejev Association (MICHA) así como en La Abadía, teatro ao que está vencellado como axudante de dirección artística.

En La Abadía debutou como director con *Garcilaso, el cortesano*, un traballo galardoado pola ADE co Premio José Luís Alonso 2004 para mozos directores. En 2005 dirixiu *Terrorismo* dos Hermanos Presnyakov; e en 2007, *La Ilusión*, o libre achegamento de Tony Kushner a *L'illusion comique* de Corneille.

Fuera de la Abadía dirixiu, en Madrid, *Huecos* de Julián Quintanilla, que no Maratón de Teatro Joven da Comunidade de Madrid 2001 obtivo o Premio á mellor dirección en escena; *Desde Toledo a Madrid* de Tirso de Molina; e, coa súa propia compañía de Teatro en Tránsito, *El cuerdo loco* de Lope de Vega. A raíz da súa participación como axudante de dirección de Luís Miguel Cintra en *Comedia sin título* en La Abadía, o Teatro da Cornucópia de Lisboa invitouno a dirixir *El constructor Solness* de Ibsen (outono 07) e no mesmo teatro presentou recentemente *De hombre a hombre* de Manfred Karge (outono 08).

Como axudante de dirección traballou con José Luís Gómez en *Mesías* de Berkoff; *Defensa de dama* de Carmona/Hinojosa; *Memoria de un olvido*, sobre textos de Cernuda; *Francomoribundia*, lectura dramatizada da novela de Cebrián; *El Rey se muere* de Ionesco; e *Informe para una Academia* de Kafka. Tamén colaborou con Hansgünther Heyme na posta en escena de *El Rey Lear*, así como coa compañía Animalario, xunto a Andrés Lima, en *El fin de los sueños* de Alberto San Juan.

En calidade de actor puidemos velo en, entre outros, *La estrella de Sevilla* (Compañía Nacional de Teatro Clásico) e *El Rey Lear* (Produccións Andrea D'Odorico), ambos dirixidos por Miguel Narros, *El examen de maridos*, baixo a dirección de Vicente Fuentes, e *La vida es sueño* na posta en escena de Ariel García Valdés.